

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 5 DE DECEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00054525T.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta da sesión ordinaria de data 21 de novembro de 2022

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00059194G.

Rectificar o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 23 de maio de 2022.

Rectifícase o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 23 de maio de 2022 , no sentido de aclarar e para facer constar que onde di “PARCELA RESULTADO 02-1

Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Bruta 793.00m²sSuperficie Neta 666,0000 m²s “

Debe dicir

“ PARCELA RESULTADO 02-1

Solo Clasificado Urbano Categoría Consolidado Cualificado Ordenanza 6. Vivenda unifamiliar extensiva. Superficie Bruta 793.00m²sSuperficie Neta 739 m²s “

ratificando as restantes disposicións da resolución concedida.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00015679M.

Licenza para proxecto modificado de construción dunha vivenda unifamiliar illada en Camiño dos Vilares, 139-141.

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme ao proxecto básico modificado e de execución redactado polos arquitectos Santiago Rey Conde e Ismael Ameneiros Rodríguez de data de Visado 03.06.2022, cun orzamento de execución material de 221.587,50 €, a construción dunha vivenda unifamiliar illada no Camiño dos Vilares, 139-141 Santiago de Compostela (A Coruña).

4. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00053183L.

Posta a disposición do espazo municipal preciso para a colocación dunha pasarela interior no conxunto de San Domingos de Bonaval.

Acórdase

1. Poñer a disposición do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela, do espazo municipal preciso para a colocación dunha pasarela interior no conxunto de San Domingos de Bonaval segundo o Proxecto básico e de execución asinado polos arquitectos Idoia Camiruaga Osés e Ramón Fernández Hermida presentado na data 28/04/222, coa finalidade de que se poidan realizar as obras informadas favorablemente.

2. Faise constar que esta posta a disposición supón unha autorización de propiedade para acometer as obras, pero non prexulga outras autorizacións que sexan necesarias para executar estas obras e o cumprimento dos seus termos.

3. En todo caso, calquera responsabilidade derivada da obra corresponderá ao Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela.

4. Corresponderá ao Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela contratar, dirixir e executar as obras previstas nese proxecto, por conta dos seus orzamentos, debendo ademais este informar ao Concello sobre o inicio e remate das mesmas e sobre calquera outra incidencia relativa a estas.

5. Ademais, dado que as referidas obras poden afectar ao funcionamento dos distintos

espazos do exconvento de San Domingo de Bonaval, o Consorcio deberá programalas tendo en conta os horarios desas dependenzas e facerse coa coordinación que requiran.

6. Rematados os prazos de garantía destas obras, e unha vez entregadas ao Concello mediante formalización da pertinente acta de devolución dos terreos e entrega das obras rematadas corresponderá a este o mantemento e conservación das mesmas. Para tal fin, unha vez rematadas, o Consorcio porao en coñecemento do Concello, aos efectos de que este poida expoñer, no seu caso, as deficiencias detectadas para a súa corrección previa á recepción das obras polo Consorcio de Santiago.

7. Esta posta a disposición durará todo o tempo que dure a execución da obra solicitada.

8. Enténdese conveniente comunicar a realización das obras aos distintos usuarios do Conxunto de San Domingos de Bonaval.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047869H.

Prórroga do contrato de aluguer do local nº 10 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Rexistro Xeral), polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, e revisión do IPC.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local nº 10 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais (Rexistro Xeral), polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 8 de xaneiro de 2009, na súa cláusula segunda establécese que o importe da renda será revisado anualmente, conforme ás variacións que experimente o índice xeral de prezos ao consumo, polo que se propón a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (decembro de 2021 ata decembro de 2022). A renda definitiva para o ano 2023 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2022.

Para o mes de xaneiro de 2022 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 710,01 € máis IVE (859,11 €).

Segundo.- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 10.309,32 € que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº 030 92000 2020000 ADMINISTRACIÓN XERAL ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E CONSTRUC, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente en dito exercizo. Publicado o IPC de decembro de 2022 efectuarase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 1 de xaneiro de 2023, dando conta á Xunta de Goberno e á Intervención Municipal.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00047917C.

Dar conta do número de identificación fiscal do titular do contrato de alugamento do local nº 9 da Rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais (Atención ao Cidadá).

Dáse conta.

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00035421D.

Autorización da cancelación de aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa, *HPC IBERICA SA*, para responder do contrato de "Subministro e instalación de elementos novos para remodelación da área de xogos infantil do parque de Pablo Iglesias". CON/36/2017.

Autorízase a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa, *HPC IBERICA SA*, por importe de 3.172,62 euros para responder do

contrato de “Subministro e instalación de elementos novos para remodelación da área de xogos infantil do parque de Pablo Iglesias” . CON/36/2017.

8. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2021/00031966P.

Aprobación do proxecto de “Eliminación das humidades no pavillón polideportivo do CEIP Pío XII”.

Apróbase o proxecto de “Eliminación das humidades no pavillón polideportivo do CEIP Pío XII” redactado polo enxeñeiro industrial David López Mera, cun orzamento de execución material de 144.331,17 €, coas seguintes condicións:

- O orzamento máximo de licitación é de 238.551,68 € (O.E.C. + 21% I.V.E).
- O prazo de execución previsto é de 56 días naturais.

9. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: XOB/33/2018 CON/79/2020.

Aprobación e recoñecemento das obrigas derivadas da certificación final emitida por BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (agora NOVAVIAL, S.L. B70538459) de execución da obra de Espazo cuberto de usos múltiples para o barrio de Sta. Marta - Choupana, en Santiago de Compostela.

Acórdase aprobar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas da certificación final das obras de Espazo cuberto de usos múltiples para o barrio de Sta. Marta - Choupana, en Santiago de Compostela, emitida por BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (agora NOVAVIAL, S.L. B70538459), por importe de 12.250,11 euros.

En todo caso, o pago final da obra de referencia debe ser considerada como un abono ou pago a conta a resultas da liquidación do contrato.

10. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00039056X.

Aprobación inicial de subvención correspondente á convocatoria de data 5.08.2019 en desenvolvemento do PEV 2018–21, na ARRU do Casco Histórico FASE 16.

Apróbase inicialmente a subvención e dispoñer do gasto (Fase D), con cargo á aplicación orzamentaria 050 33600 7800000/2022 e ao proxecto de gasto 2019/2/REHAB/16/1, concedendo a subvención solicitada para a rehabilitación do edificio en Belvís 18, por importe de 25.000 euros.

11. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00036198G.

Aprobación inicial da subvención solicitada por persoas que conforman a C.PP. BISPO DIEGO PELÁEZ 1 correspondente á convocatoria de data 5.08.2019 en desenvolvemento do PEV 2018–21, na ARRU de Vista Alegre FASE 9.

Apróbase inicialmente a subvención e dispoñer do gasto (Fase D), con cargo á aplicación orzamentaria 050 15220 7800000/2022 e ao proxecto de gasto 2019/2/VISAL/9, concedendo a subvención solicitada para a rehabilitación do edificio en Bispo Diego Peláez 1. Importe: 80.945,82 euros.

12. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00048484P.

Aprobación inicial da subvención solicitada polas persoas que conforman a C.PP. Bispo Diego Peláez 5 correspondente á convocatoria por parte do concello de Santiago de Compostela de subvencións á rehabilitación de vivendas de data 5 de agosto de 2019 en desenvolvemento do Acordo da Comisión Bilateral de seguimento do Plan Estatal de Vivenda 2018 – 2021 de data 26 de outubro de 2018, en materia de actuacións na Área de Rexeneración e Renovación Urbana do barrio de Vista Alegre FASE 9.

Apróbase inicialmente a subvención e dispoñer do gasto (Fase D), con cargo á

aplicación orzamentaria 050 15220 7800000/2022 e ao proxecto de gasto con financiamento afectado 2019/2/VISAL/9, concedendo a subvención solicitada para a rehabilitación do edificio en Bispo Diego Peláez 5. Importe: 75.903,93 euros

13. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00050239S.

Aprobación da Convocatoria da 1ª Fase de subvencións de mellora da accesibilidade en vivendas de barrios desfavorecidos para elaboración de documentación técnica no marco da EDUSI cofinanciada nun 80% polo fondo europeo de desenvolvemento rexional da Unión Europea.

Apróbase, de acordo aos informes xurídico e técnico comprendidos no expediente e demais documentación aportada, en desenvolvemento da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado de Santiago de Compostela, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020, nun 80% correspondendo o restante 20% á achega municipal:

1 O gasto correspondente á convocatoria da 1ª Fase de subvencións en especie para a mellora da accesibilidade en vivendas de barrios desfavorecidos por un importe de 84.000,00 €, que se executará con cargo á aplicación orzamentaria 030 15220 6220000 do Proxecto de Gasto 2021 3 EDUSI 2.

2 A Convocatoria e o inicio de oficio do procedemento de concesión da 1ª Fase de subvencións en especie para a mellora da accesibilidade en vivendas de barrios desfavorecidos.

14. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00054458W.

Aprobación da participación no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación no ámbito do Casco Histórico a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-nextgenerationEU segundo a Resolución do 8 de xullo 2022 (DOG Núm. 137) data 19 de xullo de 2022 na que se regula o procedemento.

Acórdase solicitar a participar na convocatoria ao Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio para a realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios residenciais no marco do Plan de recuperación, recollida na Resolución da Xunta do 8 de xullo 2022 que regula o procedemento de participación, no ámbito do Casco Histórico nas contías e anualidades recollidas nos seguintes cadros, tendo en conta que as cantidades consignadas como aportación do Concello se refiren exclusivamente aos gastos de persoal funcionario existente na Oficina nestes momentos:

POR ANUALIDADES

ANUALIDADE 2023					
ACTUACIÓNS (en número de vivendas)					
Estimación nº VIV con subvención adicional		Nº TOTAL VIV. para esta anualidade	Intervención subvencionable	CUSTO	Financiamento con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU
Vulnerabilidade económica	Retirada amianto		Rehabilitación	193.319,25 €	104.244,49 €
			Urbanización	- €	- €
			Oficina Rehab. «Portelo único»	105.954,69 €	5.755,51 €
			Realoxos temporais	- €	- €
45,16%		7	TOTAL	299.273,94 €	110.000,00 €
PREVISIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS A 31.12.2022 (en número de vivendas):					7

ANUALIDADE 2024					
ACTUACIÓNS (en número de vivendas)					
Estimación nº VIV con subvención adicional		Nº TOTAL VIV. para esta anualidade	Intervención subvencionable	CUSTO	Financiamento con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU
Vulnerabilidade económica	Retirada amianto		Rehabilitación	1.546.554,00 €	833.955,88 €
			Urbanización	- €	- €
			Oficina Rehab. «Portelo único»	108.603,56 €	46.044,12 €
			Realoxos temporais	- €	- €
45,16%		58	TOTAL	1.655.157,56 €	880.000,00 €
PREVISIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS A 31.12.2024 (en número de vivendas):					58

ANUALIDADE 2025					
ACTUACIÓNS (en número de vivendas)					
Estimación nº VIV con subvención adicional		Nº TOTAL VIV. para esta anualidade	Intervención subvencionable	CUSTO	Financiamento con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU
Vulnerabilidade económica	Retirada amianto		Rehabilitación	2.126.511,75 €	1.146.689,34 €
			Urbanización	- €	- €
			Oficina Rehab. «Portelo único»	111.318,65 €	63.310,66 €
			Realoxos temporais	- €	- €
45,16%		80	TOTAL	2.237.830,40 €	1.210.000,00 €
PREVISIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS A 31.12.2025 (en número de vivendas):					80

RESUMO TOTAL

Anualidade	Ministerio (con cargo ao PRTR financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU)	Outras aportacións			TOTAL
		Concello	Outras administracións públicas	Promotores privados	
2022					
2023	110.000,00	105.954,69		89.074,76	305.029,45
2024	880.000,00	108.603,56		712.598,12	1.701.201,68
2025	1.210.000,00	111.318,65		979.822,41	2.301.141,06
TOTAL	2.200.000,00	325.876,90		1.781.495,30	4.307.372,20

15. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00054441P.

Aprobación da participación no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación no ámbito do Promocións públicas do Ministerio de vivenda do século XX a nivel de barrio

do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-nextgenerationEU segundo a Resolución do 8 de xullo 2022 (DOG Núm. 137) data 19 de xullo de 2022 na que se regula o procedemento.

Acórdase solicitar a participar na convocatoria ao Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio para a realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios residenciais no marco do Plan de recuperación, recollida na Resolución da Xunta do 8 de xullo 2022 que regula o procedemento de participación, no ámbito do Casco Histórico nas contías e anualidades recollidas nos seguintes cadros, tendo en conta que as cantidades consignadas como aportación do Concello refírense exclusivamente aos gastos de persoal funcionario existente na Oficina nestes momentos:

POR ANUALIDADES

ANUALIDADE 2023					
ACTUACIÓNS (en número de vivendas)					
Estimación nº VIV con subvención adicional		Nº TOTAL VIV. para esta anualidade	Intervención subvencionable	CUSTO	Financiamento con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU
Vulnerabilidade económica	Retirada amianto		Rehabilitación	222.002,00 €	121.957,33 €
			Urbanización	- €	- €
			Oficina Rehab. «Portelo único»	105.954,69 €	4.542,67 €
			Realoxos temporais	- €	- €
59,29%		8	TOTAL	327.956,69 €	126.500,00 €
PREVISIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS A 31.12.2022 (en número de vivendas):					8

ANUALIDADE 2024					
ACTUACIÓNS (en número de vivendas)					
Estimación nº VIV con subvención adicional		Nº TOTAL VIV. para esta anualidade	Intervención subvencionable	CUSTO	Financiamento con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU
Vulnerabilidade económica	Retirada amianto		Rehabilitación	1.614.560,00 €	886.962,38 €
			Urbanización	- €	- €
			Oficina Rehab. «Portelo único»	108.603,56 €	33.037,62 €
			Realoxos temporais	- €	- €
59,29%		58	TOTAL	1.723.163,56 €	920.000,00 €
PREVISIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS A 31.12.2024 (en número de vivendas):					58

ANUALIDADE 2025					
ACTUACIÓNS (en número de vivendas)					
Estimación nº VIV con subvención adicional		Nº TOTAL VIV. para esta anualidade	Intervención subvencionable	CUSTO	Financiamento con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU
Vulnerabilidade económica	Retirada amianto	80	Rehabilitación	2.199.838,00 €	1.208.486,25 €
			Urbanización	- €	- €
			Oficina Rehab. «Portelo único»	111.318,65 €	45.013,75 €
			Realoxos temporais	- €	- €
59,29%		80	TOTAL	2.311.156,65 €	1.253.500,00 €
PREVISIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDAS A 31.12.2025 (en número de vivendas):					80

RESUMO TOTAL

Anualidade	Ministerio (con cargo ao PRTR financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU)	Outras aportacións			TOTAL
		Concello	Outras administracións públicas	Promotores privados	
2022					
2023	126.500,00	105.954,69		100.044,67	332.499,36
2024	920.000,00	108.603,56		727.597,62	1.756.201,18
2025	1.253.500,00	111.318,65		991.351,75	2.356.170,40
TOTAL	2.300.000,00	325.876,90		1.818.994,04	4.444.870,94

16. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00044703E.

Aprobación do Cadro de Prezos de Viaqua para o ano 2023.

Apróbase o cadro de prezos de acometidas de abastecemento e saneamento para o ano 2023 a executar pola empresa VIAQUA, Gestión integral de Aguas de Galicia, S.A.U.,

17. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00050392F.

Corrección de erro no acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de novembro do 2022, polo que se da conta da sinatura de varios convenios da Concellaría de Acción Cultural.

Corríxese o erro e engádese na táboa coa información sobre os distintos convenios a data do 21/10/2022 como data de sinatura do convenio coa Agrupación Cultural O Galo.

18. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00004407Y.

Recoñecemento de obrigas e aprobación de xustificacións das axudas individuais para uso do taxi para persoas con dificultades de mobilidade, ano 2021.

Acórdase aprobar e dispoñer o gasto, e recoñecer a obrigación, polo importe de 2.173,20 € das axudas individuais para o uso do servizo de taxi como medio alternativo adaptado ás persoas con dificultades de mobilidade e que presentan limitacións para o uso do transporte colectivo no Concello de Santiago de Compostela, ano 2021, comprometidas na anualidade 2021, contra a partida 020 23100 4800100/22 (anualidade 2022). Todo iso de acordo co parágrafo segundo da base 22.2 das vixentes BEO, ao existir dispoñibilidade de crédito suficiente.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

19. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI S/2022/353.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable S/2022/353 con dúas (2) facturas expedidas por UTE D TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SAU (CIF/NIF: U-87609103) por importe total de 13.027,48 euros, e que comeza pola número F/2022/5346 por importe de 11.718,91 euros e finaliza pola número F/2022/5347 por importe de 1.308,57 euros, en concepto de Servizos cloud, conexións e voz correspondente a outubro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/353 con dúas (2) facturas expedidas por UTE D TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SAU por importe total de 13.027,48 euros, e que comeza pola número F/2022/5346 por importe de 11.718,91 euros e finaliza pola número F/2022/5347 por importe de 1.308,57 euros, en concepto de Servizos cloud, conexións e voz correspondente a outubro de 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

20. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI S/2022/354.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable S/2022/354 con dúas (2) facturas expedidas por Green Tal SA (CIF/NIF: A62313788) por importe total de 2.659,58 euros, e que comeza pola número F/2022/3291 por importe de 1.329,79 euros e finaliza pola número F/2022/5056 por importe de 1.329,79 euros, en concepto de servizos da APLICACIÓN LÍNEA VERDE DE XESTIÓN DE INCIDENCIAS correspondente entre abril e setembro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/354 con dúas (2) facturas expedidas por Green Tal SA por importe total de 2.659,58 euros, e que comeza pola número F/2022/3291 por importe de 1.329,79 euros e finaliza pola número F/2022/5056 por importe de 1.329,79 euros, en concepto de servizos da APLICACIÓN LÍNEA VERDE DE XESTIÓN DE INCIDENCIAS correspondente entre abril e setembro de 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

21. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI S/2022/363.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable S/2022/363 con trinta e catro (34) facturas expedidas por varias empresas, por importe total de 4.844,51 euros, e que comenza pola número F/2022/4292 por importe de 255,75 euros emitida por SOLITIUM S.L. (CIF/NIF: B50570571) e finaliza pola número F/2022/5521 por importe de 80,78 euros, emitida por SOLITIUM S.L. (CIF/NIF: B50570571) en concepto de servizo de copiadoras en distintas dependencias municipais entre maio e outubro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos da relación contable de facturas S/2022/363 con trinta e catro (34) facturas expedidas por varias empresas, por importe total de 4.844,51 euros, e que comenza pola número F/2022/4292 por importe de 255,75 euros emitida por SOLITIUM S.L. e finaliza pola número F/2022/5521 por importe de 80,78 euros, emitida por SOLITIUM S.L. (CIF/NIF: B50570571) en concepto de servizo de copiadoras en distintas dependencias municipais entre maio e outubro de 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo

22. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/360.

[Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (10) emitidas por varias empresas en concepto de servizo de mantemento de ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes ao período de marzo e outubro de 2022.]

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL SETECENTOS OITENTA E SETE EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (2.787,65 €), segundo relación contable de facturas S/2022/360 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/3789 por importe de 94,96 euros emitida pola empresa Ingeniería de Gestión Industrial, S.L. e remata pola número F/2022/5656 por importe de 264,24 euros emitida pola empresa Orona S Coop.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

23. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/361.

[Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (10) emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondente ao período entre agosto e outubro de 2022.]

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL OITOCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS CON DOCE CÉNTIMOS (3.858,12 €), segundo relación contable de facturas S/2022/361 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/4237 por un importe de 309,32 euros emitida pola empresa Naturgy Iberia, S.A. e remata pola factura número F/2022/5426 por un importe de 23,23 euros emitida pola empresa Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

24. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00049722G.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda pola

prestación do servizo de sinalización horizontal e vertical, durante o mes de setembro de 2022, levada a cabo pola entidade ACEINSA, por importe de 40.820,84€.

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación da sinalización horizontal e vertical, bolardos, elementos de protección, ordenación e balizamento do tráfico do termo municipal de Santiago, correspondente ó mes de setembro de 2022.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de corenta mil oitocentos vinte, con oitenta e catro céntimos (40.820,84€), a prol da entidade ACEINSA, con imputación orzamentaria 060 13300 2270101 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar este prexuízo.

25. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00053794M.

Convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda a prol da entidade Kapsch TrafficCom Transportation S.A.

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola reposición dun bolardo fixo na rúa San Francisco, no mes de xuño de 2022, por mor dun accidente de circulación, expediente 2021/37042R, por parte da entidade Kapsch TrafficCom Transportation S.A. por importe de 3.318,88 €.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL TRESCENTOS DEZAOITO EUROS, CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (3.318,88.-), a prol da entidade entidade Kapsch TrafficCom Transportation S.A. con imputación orzamentaria 060 13300 6330000 do orzamento.

26. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: Relación contable S/2022/359 de facturas de servizos prestados no Cemiterio Municipal de Boisaca.

Convalidación da omisión función interventora e recoñecemento de débeda coa empresa "Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L." polo mantemento e outros servizos prestados no Cemiterio Municipal de Boisaca no mes de outubro de 2022, por importe de 15.890,31 euros.

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados do canon do servizo de conservación e mantemento do Cemiterio Municipal de Boisaca, unha inhumación con cargo á beneficencia municipal e o traslado de restos cadavéricos á foxa común levados a cabo no mes de outubro do 2022, por importe de 15.890,31 euros.

2. Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de quince mil oitocentos noventa euros con trinta e un céntimos (15.890,31) a favor de "Funeraria Tanatorio Apóstol Santiago, S.L." imputándose ás aplicacións orzamentarias 2022/020/16400/2270000 e 2022/020/16400/2279900. do orzamento vixente.

3. Dispoñer a continuación das prestacións cos efectos do contrato vencido e baixo as súas mesmas cláusulas para evitar graves prexuízos ao interese público, e ata que se adopten medidas necesarias para evitar este prexuízo.

27. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00051146W.

Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostela Solidaria para a implementación do Proxecto educativo para persoas adultas: Escola de Segunda Oportunidade. Curso 2022-2023.

Apróbase o texto do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostela Solidaria para a implementación do proxecto educativo para persoas adultas: “Escola de Segunda Oportunidade. Curso 2022-2023”

A aplicación e execución deste convenio, incluíndo ao efecto, todos os actos xurídicos que puidesen ditarse na súa execución e desenvolvemento, non suporá, en ningún caso, obrigas económicas para o Concello de Santiago de Compostela e, en todo caso, deberán ser atendidas cos seus medios persoais e materiais.

28. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00019576B.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 05 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermedades Mentais de Galicia (Saúde Mental FEAFES Galicia) para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga pola correspondente contía.

Apróbase parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 05 de xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermedades Mentais de Galicia (Saúde Mental FEAFES Galicia) para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga, pola contía de cincuenta e sete mil oitocentos cincuenta e cinco euros con corenta e seis céntimos de euro (57.855,46 €), sendo a subvención de sesenta mil euros (60.000,00 €). con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800017 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII)

29. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00017525F.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 18 de xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e o Ilustre Colegio de Abogados de Santiago de Compostela para o ano 2022, e o recoñecemento da correspondente obriga.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 18 DE XULLO DE 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e o ILUSTRE COLEGIO DE ABOGADOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga, pola contía de DOUS MIL EUROS (2.000,00 €), sendo a subvención concedida de DOUS MIL EUROS (2.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800022 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII)

30. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2022/00019968N.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 05 de agosto de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e Cruz Roja Española para o ano 2022, e o recoñecemento da correspondente obriga.

Apróbase parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 05 de Agosto de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e Cruz Roja Española para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga, pola contía de oitenta e dous mil oitocentos corenta e oito euros con noventa e nove céntimos de euro (82.848,99 €), sendo a subvención de oitenta e cinco mil euros (85.000,00 €) con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800015 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao

estado de Gastos dos Capítulos IV e VII)

31. COMERCIO. Referencia: 2022/00039900A.

Aprobación adenda ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e Abanca Corporación Bancaria S.A para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago de Compostela, a través dos bonos Corazón Compostela 2022.

Apróbase unha addenda ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e Abanca Corporación Bancaria S.A para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago de Compostela, a través dos bonos Corazón Compostela 2022, no senso de que o parágrafo terceiro da clausula décimo segunda do convenio “Xustificación e inspección” queda coa seguinte redacción:

“A xustificación ante o Concello de Santiago, por parte da entidade colaboradora, dos fondos entregados e distribuídos, realizarase antes do 30 de xaneiro de 2023, mediante a achega, ou posta a disposición ante o Concello, da seguinte información:

- Listaxe das persoas usuarias dadas de alta e importe dos consumos realizados.
- Relación das liquidacións de pagamentos efectuados aos comercios e establecementos hostaleiros adheridos.
- Número e importe total dos bonos descargados
- Importe total dos bonos trocados
- Cantidade ou saldo dos fondos non distribuídos, no seu caso, obxecto de reembolso ao Concello de Santiago, que deberá realizarse igualmente antes do 30 de xaneiro de 2023.”

A modificación operada a través desta addenda non afecta ao resto de estipulacións do convenio asinado que se manteñen na súa integridade.

32. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00054117Y.

Dar conta da sentenza recaída na apelación AP 4141/2022 do PO 392/2021 CA2.

Sentenza nº 332/2022

Obxecto: acta de precinto de ximnasio.

SENTIDO DA SENTENZA

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

A recorrente, no PO 392/2021 contra a acta de precinto do ximnasio, viña de solicitar a medida cautelar de suspensión –como tamén fixo contra o decreto de peche-, que foi desestimada por auto.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para a súa execución.

33. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00054121X.

Dar conta da sentenza recaída na apelación AP 4110/2022 do PO 302/2017 CA1.

Sentenza nº 342/2022

Obxecto: licenza para rehabilitación de vivenda unifamiliar, e orde de derruba de muro construído sobre dominio público.

SENTIDO DA SENTENZA

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para a súa execución

34. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00054525T.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Dáse conta.

URXENCIAS

1.- Aprobación do convenio co IES Rosalía de Castro para o bacharelato internacional.

Acórdase o seguinte:

- . Aprobación da concesión directa de subvención ao IES Rosalía de Castro, conforme ao artigo 22.2ª da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.
- . Aprobación do gasto por importe de 6.208,00 €, con imputación á aplicación orzamentaria 080.32400.4890001.
- . Aprobación do texto do Convenio entre o Concello de Santiago e o IES Rosalía de Castro para o financiamento do Bacharelato Internacional.
- . Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

2.- Adxudicación do contrato de obra de reforma do Salón de Plenos.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto as Obras de execución do proxecto básico de acondicionamento interior do Salón de Plenos do Concello de Santiago de Compostela a JOSÉ MANUEL NEIRA IGLESIAS (CARPINTERIA NEIRA), que oferta unha proposición económica de 89.607,08 € (base impoñible de 74.055,44 € máis IVE do 21% por importe de 15.561,64 €) e unha ampliación do prazo de garantía a maiores do mínimo establecido nos pregos en 5 anos.

Designase como supervisor municipal da execución do contrato o arquitecto municipal Diego Briega Argomariz.

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de 89.607,08 € con cargo á aplicación orzamentaria 030 92000 6320000 – 2021 2 EDIF 10 1.

3.- Adxudicación do contrato de obra para pavimentación de viario en Villestro e Laraño.

Acórdase:

Primeiro: Excluir por presentar ofertas en baixa ás empresas: EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, OBRAS Y VIALES DE GALICIA Sociedad Limitada.

Segundo: Adxudicar o contrato que ten por obxecto, a Execución do proxecto "Obras de pavimentación de viarios de acceso en Carlexo e A Gruñán (Villestro) e Outenín (Laraño). Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 1ª fase Deputación Provincial da Coruña, á empresa MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL, por un importe total de 78.666,72 (Base impoñible: 65.013,82 euros, IVE do 21%:13.652,90 €), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Designase como responsable do contrato ao Director Facultativo da obra conforme ao establecido no artigo 62.2 da LCSP. O seguimento deste contrato corresponde ao departamento de Medio Rural, que asigna este cometido ao enxeñeiro de camiños municipal, Miguel Fernández Solís

Terceiro: Comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 2021 2 PPROV 35 8 INVESTIMENTOS DEPUTACIÓN, conforme a seguinte anualidade e importe:
Anualidade 2022: 78.666,72 €.

4. - Resolución do contrato de servizos para a revisión do Plan Especial da Cidade Histórica.

Acórdase:

Primeiro.- Resolver ao abeiro do disposto no artigo 308 b) do texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, o contrato de redacción da Revisión do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago de Compostela (PE-1) asinado con ESTUDIO THUBAN S.L, o día 25/02/2015 e obxecto dunha addenda o 07/10/2015.

Segundo.- Aboar, consonte o disposto no artigo 309.3 do TRLCSP, a ESTUDIO THUBAN S.L a cantidade de 27.293 euros que se corresponde co 10 por 100 do prezo dos estudos, informes, proxectos ou traballos pendentes de realizar en concepto de beneficio deixado de obter.

Terceiro.- Autorizar a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituído pola empresa ESTUDIO THUBAN S.L, por importe de 16.111,57 € para responder do contrato Servizo de redacción da Revisión do Plan Especial de Protección e Rehabilitación da Cidade Histórica de Santiago Compostela (PE-1) CON/74/2013, ao non ter que responder, neste caso, de ningún dos supostos previstos no artigo 100 do TRLCSP.”

Cuarto.- Notificar este acordo á empresa ESTUDIO THUBAN S.L, a dirección de Area de Urbanismo e aos Servizos Economicos (Intervención Municipal, Oficina Orzamentaria e Contabilidade e Tesourería Municipal)

5.- Resolución do contrato de subministración de sinalización vertical para vías públicas.

Acórdase:

Primeiro: Resolver o contrato de subministración para a definición e deseño participativo e posterior subministración e instalación de sinalización informativa vertical tipo AIMPE nos viais de titularidade ou xestión municipal así coma en aqueles que durante a vixencia do contrato puideran ser asumidos no ámbito de medio rural asinado o 25/10/2018 con API MOVILIDAD SA, por incumprimento da obriga principal do contrato ao abeiro do disposto no artigo 211.1.f) da LCSP.

Segundo: Incautar, consonte o establecido no artigo 213.3 da LCSP, a garantía constituída por API MOVILIDAD SA. en concepto de fianza definitiva por importe de 2.483,76 € para responder do contrato de “Subministración para a definición e deseño participativo e posterior subministración e instalación de sinalización informativa vertical tipo AIMPE nos viais de titularidade ou xestión municipal así coma en aqueles que durante a vixencia do contrato puideran ser asumidos no ámbito de medio rural”

Terceiro: Notificar este acordo a empresa API MOVILIDAD SA e ao avalista.

Cuarto: Notificar este acordo á Tesourería Municipal ao obxecto de que proceda a incautación da citada garantía.

6.- Outorgamento dunha subvención para rehabilitación.

Apróbase inicialmente a subvención e dispoñer do gasto (Fase D), con cargo á aplicación orzamentaria 050 33600 7800000/2022 e ao proxecto de gasto 2019/2/REHAB/16/1, concedendo a subvención solicitada para a rehabilitación do edificio en Entrepexigos 7, por importe de 7.662,64 €.

7.- Aprobación da xustificación da axuda concedida ao Club de Atletismo Fontes do Sar.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada polo CLUB DE ATLETISMO FONTES DO SAR do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2022, sendo a cantidade a abonar de 12.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890006.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do CLUB DE ATLETISMO FONTES DO SAR por importe de 12.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890006.

8.- Aprobación da xustificación da axuda concedida á Federación Galega de Baloncesto.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación presentada por FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2022, sendo a cantidade a abonar de 10.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890013.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO por importe de 10.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890013.

9.-Aprobación da xustificación da axuda concedida a ASPANAES.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 18 de Xullo de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Padres de Personas con Transtorno del Espectro Autista (TEA) de la provincia de A Coruña (ASPANAES) para o ano 2022 e o recoñecemento da obriga, pola contía de tres mil euros (3.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800011 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

10.- Aprobación da xustificación da axuda concedida á Cociña Económica.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 27 de xuño de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Cocina Económica de Santiago para o ano 2022, e o recoñecemento da obriga, pola contía de sesenta mil euros (60.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800001 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

11- Aprobación da xustificación da axuda concedida á Fundación Monte do Gozo.

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 27 de Xuño de 2022 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Monte do Gozo para o ano 2022, pola contía de corenta e cinco mil euros (45.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800020 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII).

12- Aprobación da xustificación da axuda concedida á Plataforma Galega polo Emprego.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar a xustificación do convenio coa Asociación para a promoción social e a inserción laboral Plataforma Polo Emprego, no que se recolle una subvención nominativa por valor de doce mil euros (12.000€) con cargo á aplicación 020 23103 4800002 para o ano 2022.

Segundo. Dar traslado deste acordo ao departamento de Servizos Económicos, para a tramitación do pagamento desta subvención nominativa con cargo á partida 020 23103 4800002 dos orzamentos municipais de 2022.

Terceiro. Notificar esta resolución ás persoas interesadas.

13.- Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/4796 emitida por LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. (CIF: A33123498) en concepto de continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondente ao mes de setembro de 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polo gasto derivado da continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondente ao mes de setembro de 2022.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación do gasto por importe de CINCUENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (55.537,94 euros) segundo a factura F/2022/4796 que se achega no expediente, e correspondente ao mes de setembro de 2022, a favor da empresa LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. (CIF: A33123498), imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2279900 do orzamento vixente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

14.- Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/5428 emitida por LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. (CIF: A33123498) en concepto de continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondente ao mes de outubro de 2022.

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polo gasto derivado da continuidade dos servizos de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais correspondente ao mes de outubro de 2022.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación do gasto por importe de CINCUENTA E CINCO MIL CINCOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (55.537,94 euros) segundo a factura F/2022/5428 que se achega no expediente, e correspondente ao mes de outubro de 2022, a favor da empresa LACERA SERVICIOS Y MANTENIMIENTO S.A. (CIF: A33123498), imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2279900 do orzamento vixente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

15.- Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas F/2022/4857 e F/2022/5389 (relación contable S/2022/355) emitidas pola mercantil Prezero España S.A.U. (anteriormente Cespa Compañía Española de Servizos



CONCELLO DE
SANTIAGO

Públicos Auxiliares, S.A.) con CIF núm. A82741067, en concepto de servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes, correspondente aos meses de setembro e outubro do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente, polos gastos derivados da continuidade do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes, correspondente aos meses de setembro e outubro do ano 2022.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de VINTESEIS MIL CINCOCENTOS VINTEOITO EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS (26.528,34 euros) considerando a suma das facturas F/2022/4857 e F/2022/5389 (relación contable S/2022/355) a favor da empresa PREZERO ESPAÑA S.A.U., con CIF núm. A82741067, imputándose a súa totalidade á aplicación orzamentaria 090 34200 2120101 do orzamento vixente.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.